

JOSÉ

FILOSOFO DEL CAMBIO

Ten noventa anos recién cumpridos e leva máis de sesenta dedicado a reflexionar como cambiar a sociedade a un modelo máis xusto.

TEXTO: Francisco J. Gil.

“
A verdadeira
democracia
está na
proximidade
do municipio

“Facemos a entrevista en galego. Poucas ocasións teño de falar en galego na miña vida e son un entusiasta da nosa lingua”. José Iglesias Fernández (Ourense, 1931) quería sentirse preto da súa terra nesta conversa realizada o día no que cumpría 90 anos. Economista, filósofo, profesor... un pensador do ámbito social que defende dende hai décadas a creación dunha renda básica universal e individual. Ourensán na diáspora dende hai case 60 anos, volverá a súa cidade natal o vindeiro 18 de xaneiro para participar no Foro de La Región e estar presente na estrea do documental “José Iglesias, un ilustre ourensán descoñecido”.

¿CÓMO FOI A SÚA VIDA EN OURENSE?

Nacín na rúa San Francisco pero aos poucos meses fomos a vivir ó lado da Praza do Correxidor. Non era unha vida fácil e decateime que tenía que emigrar. Marchei en 1953 despois de ter feito o servizo militar. A miña era unha das familias máis pobres de Ourense.

SEICA FOI CRISTALEIRO EN OURENSE.

Si. E cando marchei para Bilbao, onde tamén traballei de cristaleiro, pensaba que sabía moito. E alí tiveron que volver a aprender. En Bilbao estaba considerado un dos mellores do oficio. Traballaba como cortador de lunas. O caso é que cando logo fun a Londres, pensaba que sabía moito e de novo tiveron que volver a aprender. Eu aprendín en cada sitio no que estiven. En Ourense